

Breve introduçõn ao proto-galego

Domingos Prieto Alonso
Galiza

February 14, 2010

Contents

1	Introduçõn	2
2	Fonologia	3
2.1	Sistema vocálico	4
2.1.1	Sistema vocálico acentual	4
2.1.2	Sistema vocálico átono	4
2.2	Sistema consonántico	4
2.3	Sistema de fricativas	4
2.3.1	A gheada	5
3	Morfologia	8
3.1	Nome	8
3.2	Pronome	8
3.3	Partículas	9
3.4	Verbo	10
4	Sintaxe	11
4.1	Ausência de sujeito pronominal	11
4.2	Infinitivo flexionado	12
4.3	Focalizaçõn	16
4.3.1	Focalizaçõn na frase	16
4.3.2	Focalizaçõn na FV	18
4.3.3	Focalizaçõn na FN	19
5	Conclusõn	20

Abstract

Aqui analisân-se apenas alguns aspectos fonolóxicos, morfolóxicos e sintácticos do proto-galego que poderían reflectir certas características do PIE. Nomedamente analisaremos várias fricativas e en especial a gheada, atestada en vários dialectos do galego da Galiza, como provável reflexo da evoluçõn das aspiradas e de outras

oclusivas do PIE assin como das suas hipotéticas laríngeas, a relación entre o suxeito pronominal ausente, a flexión do infinitivo, a Focalización do proto-galego, a posicións dos clíticos, etc., atestados nas linguas e dialectos medievais e actuais, en relación con varios fenómenos do PIE.

On analyse ici quelques aspects phonologiques, morphologiques e syntaxiques du proto-galicien qui pourraient refléter des caractéristiques semblables du PIE. En concret, nous avaliserons certaines fricatives et en particulier la gheada enregistrée dans certains dialectes de la Galice comme probable résultat de l'évolution des aspirées e de la postérieure fusion de la vélaire avec la laryngalle, le sujet pronominal nul en relation avec le même phénomène dans certaines langues indo-européennes anciennes, la flexion de l'infinitif, la focalisation, etc.

1 Introdución

O proto-galego é a lingua indo-europea (reconstituída), presumiblemente falada no noroeste peninsular desde a época do proto-indo-europeu até ben avanzado o proceso de romanización. O seu inicio é, pois, tan impreciso como o do propio proto-indo-europeu do qual deriva. Podemos no entanto aventurar que o nacemento de ambas linguas está relacionado con a práctica da agricultura, a gandería, a pesca, etc. como modo de vida sistemática en substitución de outra máis primitiva baseada na caza e no pastoreio, assin quanto numa avanzada organización político-social. Con efecto, podemos imaginar que con este novo modo de vida, descuberto e practicado, quizá con outros, polos proto-indo-europeus, comezou a aumentar vertiginosamente a súa poboación surgindo assin a necesidade de procurar novas terras e novos mares. Por outra parte, con os novos coñecementos e os novos medios e técnicas materiais, os proto-indo-europeus pertencentes a uma certa elite, máis inquietos e preocupados polo mundo espiritual, deberon sentir que tinha chegado o momento de se aventuraren á procura de aqueles lugares evocados nos mitos eternos sobre a orixe e a fin do homen, sobre os contornos da terra, nomeadamente o lugar de onde procedían as almas dos vivos e aonde irían parar despois da morte. É assin como podemos explicar que os proto-indo-europeus comezaran a súa expansión en todas as direccións e é assin como podemos explicar que chegaran á antiga Gallaecia. Por que precisamente o noroeste peninsular que é a todas luces o foco de irradiación da lingua na Península Ibérica? Houvo sen dúbida motivos de dous tipos fundamentais e complementarios que explicarían este feito, por un lado motivos materiais provabelmente relacionados con a riqueza pesqueira tradicional, aínda hoxe vigente, destas costas e mares, e con a nosa lendárea riqueza mineira, evocada en tantas lendas, e por outra parte motivos espirituais, especialmente religiosos, provabelmente relacionados con o Camiño de Santiago (o Camiño de Santiago antes da plavra, ou non porque, como acontece tan amiúde, esta expresión podería ser una adaptación de caminhosantiago, una tautología con camiño como primeiro elemento (*kam-inh-o?) e santiago como segundo elemento (*sent-e-ag-o 'sendeiro'), derivado da raíz PIE *sent- 'camiño' (de que tamén provén o gal. *senda* e *sendeiro*, o fr. *sentier*, etc.), con o suf. dim. -ag-o, o que já explicaría, pois "no principio era a palabra", a relación, a partir da súa cristianización, do velho Camiño das Estrelas con Santiago o Maior). Seja como for, tudo parece indicar que desde tempos inmemoriais, provabelmente desde os primeiros séculos do proto-indo-europeu e quizá

desde antes da separación dos grandes grupos (céltico, germánico, eslavo, etc.), irían chegando aquí, tanto por vía terrestre seguindo o Caminho das Estrelas como por vía marítima, comunidades selectas de gentes desa lingua, onde acabarian instalando-se, practicando a agricultura, a gandería e sobretudo a pesca marítima, comunidades a que posteriormente, con a expansión dos grandes grupos, se irían unindo celtas, germanos, bálticos, eslavos, etc., mas nunca en número suficientemente elevado como para impoñeren as súas propias linguas. A este respecto os datos son concluintes e permiten-nos afirmar que o proto-galego, aínda que con un número significativo de palabras célticas, non deriva directamente do proto-céltico, mas sin do proto-indo-europeu, o que aliás confirma a hipótese sugerida por outros autores de que a relación lingüístico-cultural, por outra parte evidente e evocada en lendas, da Galiza con os povos célticos é anterior à época do proto-céltico, mas non forzosamente pré-proto-indo-europea como tamén parece sugerir a lenda de Brigo, descendente de fillo de Japhet. É pois provábel que os primeiros proto-galegos se expandiran à Irlanda, à Escócia, ao País de Gales, a Cornualhes, à Ilha de Man, quizá à Bretanha francesa, etc. formando así una comunidade lingüística e cultural até a chegada dos proto-celtas. Por outra parte, o proto-galego non ten nada a ver con a lingua hebraica, como sugeriu por exemplo Vicetto para o galego, aínda que é moi provábel que desde o mesmo inicio os proto-indo-europeus, descendentes de Japhet, que vinheron à Galiza vinheran acompañados de hebreus, descendentes de Sem, chegando estes a constituir tamén una comunidade hebraica importante neste país. Aliás o relato do paso do Mar Vermelho podería ser interpretado como a adquisición das técnicas de armaçon e navegación polos hebreus, quizá tomada dos proto-indo-europeus con os que sempre deberon manter boas relacións (de feito o berce do proto-indo-europeu non debía estar geograficamente moi longe do berce hebraico), o que nos ayudaría a situar aproximadamente no tempo bíblico a época das primeiras navegacións que puideron chegar aquí. A este respecto convén mencionar as lendas de Túbal ou Thobel, descendente de Japhet, a quen se lle imputa, entre outras cousas, a fundaçón de varias das nosas cidades e vilas.

Do proto-galego deriva directamente una parte moi significativa dos vocábulos e topónimos do galego antigo e moderno (incluído o portugués), dos dialeitos asturleonese e casteláns e andaluzes occidentais, do sefardi, feito que aparece de algun xeito reflectido na distribución geográfica antiga do galego nos mapas de Menéndez Pidal.

O proto-galego está a ser reconstituído a partir de vocábulos galegos (incluídos os portugueses), leoneses-asturianos e casteláns occidentais, de topónimos da Galiza, das Astúrias, de Leon, da Estremadura española, etc. que non poden derivar directamente do latín.

2 Fonología

Vários fenómenos fonolóxicos do proto-galego, registados no galego actual, poderían explicar-se partindo de vários traços do PIE, como podería ser o caso da gheada en relación con as oclusivas velares aspiradas e non aspiradas e con as hipotéticas laríngeas¹ do PIE.

2.1 Sistema vocálico

O sistema vocálico do proto-galego podería reflectir, en parte, o sistema do PIE con três ou cinco vogais longas, con três ou catro vogais curtas, e con varios diptongos):

Vogais curtas: *e, *a, *o

Vogais longas: *ī, *ē, *ā, *ō, *ū

Diptongos: *eu, *ai, *au, *ēi, *ēu, *āi, *āu. A partir deste sistema derivarían os subsistemas vocálicos acentuais, átonos e de diptongos das línguas e dialectos derivados do proto-galego que non distinguen entre longas e breves mas que desenvolveron subsistemas diferentes de vogais tónicas e átonas.

2.1.1 Sistema vocálico acentual

Nun momento dado da súa evolución, o pro-galego pudo perder a oposición fonemática entre longas e breves e desenvolver subsistemas de vogais acentuadas e átonas baseados no traço ATR (Advanced Tongue Root), reflectidos nas diferentes línguas e dialectos derivados do mesmo. Nomeadamente, o galego da Galiza possui un subsistema de vogais tónicas [+ATR] que se diferencia claramente do subsistema [-ATR] das vogais átonas, e que consta das sete unidades seguintes: i, e, è, a, ò, o, u.

2.1.2 Sistema vocálico átono

O subsistema de vogais átonas do galego da Galiza e doutras línguas e dialectos derivados, caracterizados como [-ATR], poderían reflectir de perto o subsistema equivalente do proto-galego que podería contar con três ou cinco unidades (I, (E), A, (O), U) das quais apenas E, A, U figurarían en posición final de palabra.

2.2 Sistema consonántico

O sistema consonántico do proto-galego podería ser, inicialmente, moi semellante ao do PIE, con dúas nasais (*m, *n), catro plosivas surdas (*p, *t, *k, *k^w), catro plosivas sonoras (*b, *d, *g, *g^w), catro plosivas sonoras aspiradas (*b^h, *d^h, *g^h, *g^{wh}), quizá catro plosivas surdas aspiradas (*p^h, *t^h, *k^h, *k^{wh}), dúas fricativas (*s, *ʃ) dúas líquidas (*r, *l) e dúas semi-vogais (*y, *w), sistema que, nun momento dado, evolucionaría a catro sistemas relativamente semellantes aos do galego actual da Galiza (dialectos sen gheada, dialectos con gheada, dialectos con ceceo e dialectos sen ceceo), o sistema do portugués actual e o sistema dos dialectos astur-leoneses e casteláns occidentais.

2.3 Sistema de fricativas

Inicialmente o proto-galego debía presentar apenas a fricativa coronal *s e quizá algunha laríngea, mas numa certa altura deveu desenvolver, principalmente a partir das plosivas aspiradas *b^h, *d^h, *g^h, *g^{wh}, quizá *p^h, *t^h, *k^h e a partir de certas oclusivas non aspiradas, un sistema próximo do das actuais línguas derivadas do proto-galego, con uma série surda (*f, *θ, *s, *ʃ, *x?) e outra sonora (*β, *v, *ð, *z, (*ʒ)?, *γ, *fi).

Deste sistema procederán os diferentes sistemas fonéticos e fonemáticos de fricativas das línguas e dialectos derivados do proto-galego e nomeadamente: 1) o sistema fonemático do galego da Galiza con gheada e ceceo (/f, θ, s, ʃ; β, ð, fi/), caracterizado pola neutralización surda/sonora de algúns, a favor da última e pola redución de velares e laríngeas a /fi/; 2) o sistema fonemático con gheada e sesseio (/f, s, ʃ; β, ð, fi/), caracterizado pola neutralización surda-sonora de algúns, pola redución das coronais /θ/ e /s/ a favor desta, e de velares e laríngeas a /fi/; 3) o sistema sen gheada e con ceceo (/f, θ, s, ʃ; β, ð, γ/), caracterizado pola neutralización surda/sonora e pola redución de coronais a favor de /s/ e de velares e laríngeas a favor de /fi/; 4) o sistema fonemático sen gheada e con sesseio (/f, s, ʃ; β, ð, γ/), caracterizado pola neutralización de varias surdas e sonoras e pola redución de /θ/ e /s/ a favor desta. Por outra parte, alén das fricativas propriamente ditas, desenvolveu-se un sub-sistema de africadas (*tʃ, *tʃ/) que no galego da Galiza e noutras línguas e dialectos tamén foron obxecto de neutralización a favor da primeira.

2.3.1 A gheada

Nalgúns dialectos da Galiza, en lugar do fonema /ɣ/ [g, γ] (xeralmente representado como /g/) doutros dialectos ou línguas, regista-se o fonema /fi/ [g, fi], como se ilustra nos exemplos seguintes (cf. Zamora Vicente 1986, Santamarina 1980, Schroten 1980, Prieto 1980, Pensado e Ruiz Pensado 1983, Fernández Rei 1990):

- (1) a. gando [fiandU]
- b. o gando [UfiandU]
- c. un gando[unɣandU]
- d. engano [eɲganU]

Os exemplos (a, b) ilustran a presenza de [fi] no contexto /[-stop]—, enquanto que os exemplos (c,d) ilustran a presenza de [g] no contexto /[+stop]—. As variantes [g] vs.[fi], que obedecen a criterios puramente fonéticos de contexto, están en parte relacionadas con a distribución das oclusivas sonoras [b, d, g] e das súas correspondentes fricativas [β, ð, γ] nos dialectos sen gheada do galego e de outras línguas e dialectos derivados do proto-galego septentrional pois as segundas registan-se en todos os contextos excepto en inicio absoluto ou quando precedidas por consoantes [+stop] do mesmo punto de articulación (que inclúen as nasais, as laterais e as vibrantes) (cf. Veiga 1976, Alarcos Llorach 1965, Harris 1969). Esta distribución tamén nos axuda a comprender mellor o fenómeno complexo da gheada porque nos permite constatar que estes sons, na grande maioría dos contextos, se realizan como fricativos, mesmo nos dialectos sen gheada do galego da Galiza e doutras línguas e dialectos para os quais sería máis apropiada una representación fonemática como /β, ð, (γ)/ en lugar da representación /b, d, (g)/, sistema que probablemente posuía o proto-galego septentrional nun momento dado da súa evolución e que podemos espellar, xunto con as fricativas restantes, como a seguir:

	lab.	coron.	dors.	laring.
Oclusivas	/*p/	/*t/	/*-/ /*k/	
Fric. son	/*β/ /*v/	/*ð/ /*z/	/(*ʒ) / /*ɣ/	/*fi/
Fric. surd.	/*-/ /*f/	/*θ/ /*s/	/*ʃ / (*x?) /	

Table 1: Oclusivas e fricativas.

Como podemos observar, este sistema resulta mui complexo e con fonemas mui próximos entre si que levarían à confusión auditiva, polo que a língua optou por una simplificación, quer pola neutralización da série surda/sonora de algunhas fricativas, quer pola redución de fonemas de modo e punto de articulación próximos, quer por ambos de vez. En concreto os dialectos da Galiza optaron pola neutralización de algunhas fricativas surdas e sonoras a favor das primeiras, pola redución da velar e da laríngea (a favor da primeira, i.e. /ɣ/ nos dialectos sen gheada, e a favor da segunda i.e. /h/ nos dialectos con gheada), e, no caso dos dialectos con sesseio pola redución das coronais /θ/ e /s/ a favor da segunda. Por outra parte, os dialectos derivados do proto-galego septentrional optaron, ademais, pola redución de /β/ e /v/ a favor da primeira, algúns de cujos resultados son os sistemas dialectais seguintes do galego da Galiza:

	lab.	coron.	dors.	laring.	
Oclusivas	/p/	/t/	/k/		
Fric. son.	/β/	/ð/	/-/	/fi/	
Fric. surd.	/f/	/θ/ /s/	/ʃ/		

Table 2: Dialectos con gheada e ceceo.

	lab.	coron.	dors.	laring.	
Oclusivas	/p/	/t/	/k/		
Fric. son.	/β/	/ð/	/-/	/fi/	
Fric. surd.	/-/ /f/	/s ₁ / e/ou /s ₂ /	/ʃ/		

Table 3: Dialectos con gheada e sesseio.

	lab.	coron.	dors.	laring.	
Oclusivas	/p/	/t/	/k/		
Fric. son.	/β/	/ð/	/ɣ/	/-/	
Fric. surd.	/*-/ /f/	/θ/ /s/	/ʃ/		

Table 4: Dialectos sen gheada e con ceceo.

Partindo deste sistema también é fácil explicar a redución de /β/ e /v/ a favor da primeira porque a diferéncia entre ambos fonemas é demasiado pequena para a

percepção.

A gheada, alén de estar provavelmente relacionada con a hipotética laríngea /*fi/ do PIE, podería tamén explicar-se por motivos de Marca, como xa expuxen en Prieto (1980), baseando-nos en Gamkrelidze. No entanto, a causa principal da gheada podería estar na propia evolución das aspiradas e dalgumhas oclusivas non aspiradas do PIE a fricativas en varias línguas indoeuropeas, evolución, que nas línguas germánicas prediz a Lei de Grimm, lei cíclica que podería ser reformulada de xeito máis abstracto como a seguir:

	Labiais	Dentais	Velares	
PIE (a)	P- B- PH	T- D- DH	K- G- KH	
2ª fase (b)	PH P- B-	TH T- D-	KH K- G-	
3ª fase (c)	B- BH P-	D- TH T-	G- KH K-	

Table 5: Reformulación da Lei de Grimm.

Esta regra, en que (a) podería representar o PIE, (b) o resultado da primeira mutación do germánico (o gótico por exemplo) e quizá doutras línguas e (c) o a.a.a. por exemplo, há ser complementada con outras regras como as de Verner (1875) e Kluge² e interpretada foneticamente en cada caso. Assin, por exemplo Fouquet (1956) reinterpreta as labiais do germánico como a seguir:

	surda	sonora	aspirada	
Prégermanique	p	b	bh	
Germanique	f/b	p	ḅ	
V.h.a. (Tatien)	v/b	pf/ff/	ḅ	

Table 6: Labiais germánicas segundo Fouquet (1956).

Mais a lei de Grimm podería ter una aplicación máis xeral do que o germánico e en (a) PH podería corresponder a *p^h e *b^h, TH a *t^h e *d^h, e KH a *k^h e *g^h; e en (b, c) PH podería corresponder, segundo os casos, a β, f ou v, TH a θ, ð e KH a γ, fi, x, h, fi, etc.

Seja como for, no caso do proto-galego e provavelmente doutras línguas, a evolución das aspiradas dorsais a fricativas desembocaría nalgún caso en /*ɣ/ (antes da posíbel redución fonemática nalgún dialecto a favor da laríngea), paralelamente à evolución ben atestada de *b^h e *p^h a /*f/ e de *d^h e *t^h a /*θ/.

Fenómenos parecidos, e provavelmente relacionados con a gheada atestan-se tamén en varias línguas indo-europeas e nomadamente no nederlandês, embora nesta lingua a pronuncia actual non seja propiamente laríngea, como tamén acontece nalgumas falas do galego en que se registan assinmesmo uvulares e quizá a velar surda.

Relacionados con a evolución das aspiradas e doutras oclusivas a fricativas e/ou con as laríngeas do PIE poderían estar tamén o /x/ castelán, o fenómeno castelán descrito polos historiados como evolución de f a h (que acabaría en 0) en certos contextos, assin

quanto también e sobretudo a conhecida como *Aspiración andaluza* (/h/ en lugar do /x/ castelán, h en lugar de f en certos contextos, h en lugar de certas consoantes implosivas, h en lugar de certas consoantes finais) e como *Aspiración estremenha* (da Estremadura Espanhola), murciana, canária e americana.

3 Morfología

3.1 Nome

O substantivo do proto-galego deveu perder aginha a flexon para o caso que substituiu por preposiçõs, tal como se manifesta nas línguas e dialectos actuais derivados deste. Tampouco podemos conhecer o número hipotético de casos que pudo possuir no infco alén dos mais gerais (Nominativo, Genitivo, Dativo, Acusativo, Ablativo). No entanto, nalgun dialecto do galego da Galiza, e provavelmente noutros dialectos, ainda se conservan indícios da existênciã outrora de un possível caso locativo, expressado pola prep. *a*. Tráta-se dos topónimos menores de Cerdedelo e provavelmente doutros dialectos que aparecen quase sempre registados con a prep. loc. *a* e o artigo determinado en construçõs fossilizada, que poderia ser un reflexo do caso locativo do PIE, como mostran os exemplos seguintes:

- (2) a. Òzeiral [òθeiral]
- b. Àmproa [àmproA]
- c. Às Barreiras [àzβArreirAs]
- d. Ò Calamanchon[òkalamantʃon]

En todos estes exemplos, o próprio topónimo (*Azeiral* ou *Ozeiral* en (a), *Amproa* ou *Emproa* en (b), *Barreiras* en (c) e *Calamanchon* en (d)) aparece fusionado con a prep. loc. *a* e o artigo *a* ou *o* en construçõs fossilizadas como mostran *Venho d'Òzeiral/d'Àmproa*, etc.

3.2 Pronome

O sistema de pronomes persoais do proto-galego, provavelmente mui semelhante ao do galego medieval e actual (*eu, tu ele(s)/ela(s), nós, vós; min, comigo, ti, contigo, nós, conosco, vós, convosco, ele(s), ela(s), si, consigo; me, te, che, o(s), a(s), lhe(s), se, nos, vos*), poderia ser herdado, en conjunto, do PIE ainda que várias das formas actuais também poderian, formalmente, proceder das formas correspondentes do latin.

Alguns dialectos do galego da Galiza distinguen-se doutras línguas e dialectos derivados do proto-galego porque posúen duas formas diferentes para o clítico de segunda pessoa singular, *te* para o objecto directo e *che* para o objecto indirecto (no galego medieval já se registan casos de *che* por *te* (cf. Williams 1975, Ferreiro 1996)).

No galego (e portuguê) e no castelán (también reflectido no espanhol comun), *se* pode ainda funcionar como sujeito, equivalente do gal.med. *hom(e)*, do fr. *on*, do al. *man*, do ned. *men*, etc.?), como no exemplo seguinte:

- (3) *Neste restaurante -_i come-se_i ben.*
 Dans-ce restaurant on_i mange-CLIT_i bien

'On mange bien dans ce restaurant'.

Neste caso *se* poderia ser o reflexo do pronome persoal da 3ª persoa do PIE *se-H₁*, inicialmente pronome demostrativo, movido a V' e cliticizado.

En todo caso, este *se* non parece ser o clítico equivalente do gal. *el(e)*³ que só pode ser usado como neutro, equivalente do fr. *il*, do ing. *it*, do al. *es* en frases como (cf. Álvarez e al. 1986):

- (4) *El chove*
 il pleut
 'Il pleut'.

Talvez algun dos casos do uso de *el* no inicio da oración en contextos discursivos no galego da Galiza esteja relacionado con este *el*, suxeito neutro, como nas frases seguintes colhidas en Álvarez et al. (1986) (e adaptadas ortograficamente):

- (5) a. *E el seria lícita a aceitação daquel milagre*
 Et il-par-hasard serait licite l' acception de-ce miracle
 'Et serait-il par hasard licite l' acception de ce miracle?'
 b. *E el era uma noite de lua*
 Et c' était une nuit de lune
 'Et c' était une nuit de lune'
 c. *E el quero-lhes fazer uma pergunta*
 Et ce je-veux-leur poser une question
 'Et à propos je voudrais leur poser une question?'

Quiçá nalguma destas frases, *el* equivale ao discursivo *isto/esto* (de que o tan usado arg. *éste* poderia ser reflexo) en frases como:

- (6) *Isto, já começou o verão por aí?*
 ceci, déjà commença l' été par -là?
 'A propos, est-ce que l'été a déjà commencé par-là?'

Seja como for, nestes exemplos, *el* parece desempeñar, nuns casos a función de pronome persoal, e noutros a de pronome demostrativo, dupla dimensión que también exhibia o pronome corresponde do PIE.

3.3 Partículas

No PIE muitas partículas podían ser usadas como advérbios ou posposicións (que na maioría das línguas filhas se volveron preposicións), cousa que también acontece nas línguas indo-europeas en xeral e no proto-galego en particular. Nas línguas derivadas deste, e en concreto en galego, algunhas das partículas (e combinación de partículas) poderían, formalmente, proceder do latín, mas non asin outras moitas como *até*, *alén*, *para*, *por*, *agás*, etc. que derivan directamente do PIE.

3.4 Verbo

A partir do PIE *es- 'ser' (Pokorny 340-342, 498/79) (*sent-, *esus-?), o proto-galego desenvolveu dous verbos en función do traço aspectual de duración da acción, *ser* con o traço [+duración] e *estar* con o traço [-duración]. Alén das outras formas de infinitivo de *ser* (*seres*, *sermos*, *serdes*, *seren*), derivan desta raíz as formas de futuro, as de condicional (futuro do pretérito), as de gerúndio, as de imperativo, as de presente de subjuntivo e as de participio. As demais formas de *ser*, aínda que tamén poderían derivar directamente de *es-, tamén poden proceder das formas correspondentes do lat. *esse* 'ser, estar'. Por outra parte, todas as formas de *estar* derivan provabelmente de *es-.

O verbo do proto-galego presentaría flexión de persoa e número (*trago/traigo*, *traquemos/trazemos*, etc.), de tempo (*trago/traigo*, *trouxe/trouxen*, etc.), de modo (*trago/traigo*, *traga/traiga*, etc.), etc., mais non de aspecto, como aparece reflectido no galego da Galiza (e parcialmente no portugués) que posúe apenas o pretérito simple para expresaren o mesmo que outras linguas con o pretérito simple e composto, característica que pudo ser herdada de algun estadio ou dialecto do PRÉ-PIE ou PIE. Portanto, as linguas e dialectos derivados do proto-galego con este tipo de flexión, tomarían-na provabelmente do latín.

O verbo do proto-galego presentaría varios aspectos orixinais, registados no galego actual e noutras linguas e dialectos. Assin e aínda que ctualmente o galego non distingue xeralmente entre infinitivo de presente e de pasado, nalguns dialectos aínda perduran expresións con esta distinción temporal que poderían reflectir unha distinción do PIE, en parte paralela ao do grego e doutras linguas antigas entre infinitivo de aoristo e infinitivo de presente e do latín entre infinitivo de presente (*esse*) e infinitivo de pretérito (*fuisse*), embora nestas linguas se tratar de unha distinción aspectual enquanto que no galego é unha distinción temporal. Seja como for, en certos dialectos do galego aínda se registan expresións como

- (7) a. *Ser* *é un caso*
 êtrePRES. est un cas
 'En tant qu'affaire qui à présent serait digne de mention, c'en est une'
- b. *For* *foi un caso*
 êtrePASS. fut un cas
 'En tant qu'affaire qui autrefois aurait été digne de mention, c'en fut une'

En (a.) o infinitivo (de presente) *ser* acompaña ao verbo principal *é* en presente, enquanto que en (b.) o infinitivo de pasado *for*⁴ acompaña ao verbo da oración principal *foi* en pasado. Estes datos, embora de frases residuais, apoian aparentemente a hipótese de que o infinitivo neste tipo de linguas sería, usando a terminoloxía inglesa à moda, [+ tens]. En realidade o que estes datos demostran é que o verbo galego é neutro a respecto da especificación de "tenseness"⁵, como consecuencia lóxica doutros feitos. Dito doutro xeito, [tens] non sería funcionalmente pertinente no proto-galego como tampouco o é no galego.

Por outra parte, tamén no proto-galego se pudo desenvolver o infinitivo flexionado para persoa e número, actualmente registado no galego e no portugués, aspecto que

analizamos na sección de Sintaxe.

4 Sintaxe

Vários traços sintácticos e prosódico-sintácticos do galego e doutras línguas derivadas do proto-galego parecen reflectir aspectos do PIE. Entre estes aspectos están a ausencia do suxeito pronominal e a tendencia relativamente frecuente à posición preverbal do objecto. Precisamente é na tendencia à posición preverbal do objecto no PIE que varios autores se ten baseado para formular a hipótese de que esta língua seria do tipo OV. Porén no proto-galego esta tendencia está principalmente relacionada con os procesos de Focalización e de Inversion do FOCO (cf. Prieto 1986c), polo que sospeitamos que a tendencia à posición pré-verbal do objecto nas línguas indoeuropeas en que se funda a hipótese OV do PIE⁶ podería tamén estar relacionada con aspectos prosódicos da oración, pois os datos están longe de ser claros a este respecto e os mesmos defensores do padron OV do PIE tampouco están totalmente convencidos desta hipótese, como se desprende de Lehmann (1974):

PIE itself must have been subjected to various influences. As a result its stages cannot be sketched with certainty. The common trend towards VO patterning, apparent even in Anatolian, indicates however that late PIE must have been changing from an OV structure. To what extent its earlier structure was consistently OV cannot be ascertained, at least for the present.

Relacionada con a tendencia à posición pré-verbal do objecto está a tendencia à orden adj.-nome, postulada como propia do PIE e presente nas línguas derivadas do proto-galego, que podería asinmesmo estar relacionada con o proceso de Inversion do FOCO. Finalmente tamén se ten relacionado con a ausencia de suxeito pronominal o infinitivo flexionado do galego (e do portugués e doutras línguas e dialectos derivados do proto-galego) que estudaremos mais abaixo.

4.1 Ausência de suxeito pronominal

Vários autores ten anotado a ausencia do suxeito pronominal explícito nas línguas indoeuropeas mais antigas e postulado que esta característica podería ser propia do PIE, característica que tamén está presente en varias línguas derivadas do proto-galego, como amostra o exemplo galego seguinte con glossa inglesa:

- (8) *Hoje merquei un libro.*
 today PRONISING-bought a book
 'Today I have bought a book'.

Nesta frase, o suxeito pronominal non se manifesta explicitamente, reflectindo asin esta mesma característica do PIE. Porén a posición do objecto a respecto do verbo non varia a respecto de uma frase con suxeito, mantendo-se en posición pós-verbal, como na seguinte:

- (9) *Hoje o meu neto mercou un libro.*
 today my grandson bought a book

'Today my grandson have bought a book'.

Esta é aliás a posición normal do objecto a respecto do verbo en frases non focalizadas ou topicalizadas, o que mostra que, no galego, a ausencia explícita do suxeito non parece estar directamente relacionada con a orden OV, como propoñen autores como Lehmann (1974) para o PIE:

As is also well known, when IE dialects became SVO in structure, so that a subject was required, the third singular anaphoric pronoun, corresponding to *it*, German *es*, French *il*, etc., was introduced as subject in such sentences. One result of this purely linguistic requirement has been a great deal of speculation on the antecedent of it in such constructions. The speculation is largely pointless; it was introduced because SVO languages must have subjects in sentences, as do intransitive verbs in any OV language.

As frases invocadas por Lehmann, que tamén se registan esporadicamente no galego, son de un tipo especial e non parece que podan ser usadas como prova da relación entre presenza ou ausencia de suxeito pronominal e padron VO ou OV pois nas frases galegas acima apresentadas non se manifesta esta relación. De feito, como amostraremos mais abaixo, o galego sería una lingua de tipo VO, con ausencia de suxeito independentemente da posición do objecto a respecto do verbo e en que a tendencia à posición pré-verbal do objecto está relacionada con o proceso de Focalización.

4.2 Infinitivo flexionado

Como avanzamos na sección de Morfología, no proto-galego pudo desenvolver-se o infinitivo flexionado para persoa e número, actualmente registado no galego e no portugués, como indica o exemplo seguinte tomado de Álvarez et al. (1986), con a glosa francesa correspondente:

- (10) *Os alumnos fan o que seja por perderen o tempo*
 les élèves font ce que soit pour perdre-3PER.PL. le temps
 'Les élèves font tout (n'importe quoi) pour perdre leur temps'.

O infinitivo flexionado aparece já registado desde a época medieval, como ilustra o exemplo seguinte do Livro de *José de Arimateia* (traducción portuguesa da *Estoire del Saint Graal*, feita provavelmente no século XIII), con a glosa en inglés (Carter 1967) (cf. Wireback 1994):

- (11) *E por tanto te escolho pera pregares o meu nome.*
 and fore there you I-choose to preach2SING. the my name
 'And therefore I choose you to preach my name.'

Outrora este fenómeno registava-se provavelmente na maioría das linguas e dialectos derivados do proto-galego, como era o caso do leonés medieval (cf. Egido):

- (12) ... *otorgamos et prometemos de non venirmos...*
 ... nous-accordons et nous-promettons de ne-pas nous-venir1PL....
 '...nous accordons et promettons de ne pas venir'.
 (doc. 355 ACDS)

Notemos que a intensidade do uso do infinitivo conjugado é geralmente variável segundo a língua (escrita ou falada), o nível de língua, a variedade de língua e os dialectos. Por outra parte, a aceptabilidade ou gramaticalidade de una oración con infinitivo flexionado depende generalmente de outras variábeis relacionadas con aspectos, quer semánticos, quer sintácticos, quer prosódicos que interfiren con o infinitivo no interior da oración, polo que a regra mais ajeitada para predizermos este fenómeno podería ser formulada como segue:


- (13) Pode-se (e/ou aconselha-se) ou non flexionar o infinitivo para número e persoa en función de certas variábeis da oración e mesmo do discurso.

Está fora dos obxectivos deste traballo de introducción xeral ao proto-galego a análise pormenorizada das variábeis (relacionadas con os suxeitos das cláusulas implicadas, a orden das palabras na oración, o verbo regente, a presenza ou ausencia de certos elementos, etc.) que permiten ou impeden a flexión do infinitivo, algunhas das quais foron formuladas ou poden ser deduzidas dos traballos dedicados a este fenómeno, especialmente nos últimos anos (cf. Álvarez et al. 1986, Mateus et al. 1989, Raposo 1987, Madeira 1993, etc.). Isto já podería evitar moita tinta vertida para explicar o inexplicábel. E aínda se evitaria máis se en lugar de partir das teorías para explicar os datos, se partir dos datos e se procurar logo una solución ao problema nas diferentes teorías. Normalmente un problema científico, por moi complexo que seja, debe poder ser explicado de un xeito singelo. De o contrario hai que desconfiar da teoría especialmente se, en lugar de explicar o problema o complica aínda máis. Isto é o que acontece con algúns dos traballos desenvolvidos nos últimos anos sobre este e outros temas seguindo as últimas modas⁷ que parecen aportar moi pouco à solución do problema real apesar da súa aparatosidade terórica. Neste caso, como no caso doutros problemas complexos do galego como o relativo à posición dos clíticos e à orden das palabras en xeral, a explicación podería ser moi simple e, quicá máis una vez, podería estar no propio PIE. Con efecto, se nos fixamos ben, os afixos verbais para a flexión de persoa e número do PIE coinciden ou presentan formas moi parecidas con as formas do pronome persoal nalgún dos seus casos polo que parece máis que provável que nun estadio anterior, o PRÉ-PIE fora una língua do tipo SVO con o verbo non flexionado (i.e. en infinitivo?), reflectindo de algun xeito o sistema verbal na adquisición e aprendizado da língua, certos aspectos do pidgin e crioulo e doutras línguas, etc, como a seguir:


	Singular	Plural	
1 ^a persoa	eu enviar libro	nos enviar libro	
2 ^a persoa	tu enviar libro	vós enviar livrop	
3 ^a persoa	el(e) enviar libro	eles enviar libro	

Table 7: Verbo pré-conjugado I⁸.

que podemos representar sintacticamente para a primeira persoa de singular como segue:



Posteriormente o pronome sujeito seria movido a V' deixando uma cópia (que poderia manifestar-se ou non explicitamente) na posiçõn original⁹, como se indica a seguir:



Esta árvore ilustra o segundo passo da semi-flexion verbal, como indicamos a seguir:

	Singular	Plural	
1 ^a persoa	enviar eu livro	enviar nós livro	
2 ^a persoa	enviar tu livro	enviar vós livrop	
3 ^a persoa	enviar el(e) livro	enviar eles livro	

Table 8: Verbo semi-conjugado.

A partir de aquí, já é fácil comprender a ausência do pronome sujeito explícito no PIE, simplemente porque este guarda na memória lingüística o feito de o pronome ter sido movido a V onde aparece incluído, como reflexo da etapa de semi-flexion do PRÉ-PIE. E seria este estágio do PIE que se reflectiria nas línguas filhas que exhiben o pronome sujeito nulo. Por outra parte, como já propusemos antes, aquí partimos da hipótese que a flexion verbal para persoa e número precedeu as demais flexions (de tempo, modo, aspecto, etc.), reflectindo também assin certos aspectos da adquisiçõn e aprenhendizado de línguas, algumas estruturas do pidgin-crioulo e doutras línguas, de todo o qual se deduz que o infinitivo deveu ser o primeiro elemento verbal semi-flexionado do PRÉ-PIE, que deveu herdar outrora o PIE e o proto-galego e agora o galego con o infinitivo conjugado¹⁰. Nun estágio posterior, V e PRONSuj acabarian lexicalizando-se ou morfologizando-se completamente, convertindo-se o PRON-

Suj en afixo de pessoa e número, de forma semelhante, aínda que diferente, a como o PRONObj se cliticizou¹¹. Con efecto e aínda que desconhecemos se o infinitivo flexionado para pessoa e número se regista noutras línguas indo-europeas¹², especialmente nas antigas, sospeitamos que así era, polo menos nalgumas, como reflexo do estadio de semi-flexion do PRÉ-PIE en que o suxeito e o morfema de flexion se confundían e en que aínda non se manifestara a distinción entre tempos verbais. Daí tamén que o verbo nas línguas con suxeito nulo e infinitivo conjugado continue a ser funcionalmente neutro a respecto do traço [tens] ou que este traço non seja pertinente nestas línguas. A pregunta que cumpre facer-se aquí é por que umas línguas indo-europeas exhiben estas características e outras non. Uma resposta posíbel podería ser porque derivan de dialectos diferentes do PIE, as primeiras de dialectos que conservaban memoria lingüística da etapa de semi-flexion do PRÉ-PIE e as segundas de dialectos que já perderan a memoria desse estadio. Ou seja umas derivarían de dialectos que reflectían o estadio de pré-flexion ou semi-flexion en que o morfema de flexion para pessoa e número se confundía con o pronome suxeito e aínda non se introducía a dimensión de tempos, modos, etc. enquanto que outras derivarían de dialectos que reflectían o estadio de flexion propriamente dito en que o morfema flexivo já deixara de se confundir con o suxeito pronominal. Outra posíbel resposta é que todas derivarían de dialectos que reflectían o estadio de semi-flexion en que o morfema flexivo se confundía con o suxeito pronominal e que ao longo da súa evolución perderon a memoria desta identidade restaurando o pronome suxeito, enquanto que outras conservaron todas estas características. Por outra parte podemos preguntarnos por que entre as línguas con suxeito pronominal nulo, umas flexionan o infinitivo (o galego por exemplo) enquanto que outras non o flexionan (o español por exemplo). A resposta máis provábel é que as últimas perderon esta característica ao longo da súa evolución relativamente recente, quer de forma natural, quer por influencia doutras línguas en contacto. No caso concreto do español, a influencia doutra lingua pudo ser decisiva. Con efecto, do punto de vista lingüístico podemos distinguir dúas línguas diferentes, un español EG (español medieval (alfonsí) e os dialectos casteláns occidentais e parcialmente o astur-leonés, o hispano-americano, o canário, etc.), e o español EGB (dialectos casteláns centrais e orientais en que se baseia fundamentalmente o español académico) dos quais o primeiro ou español EG aínda conserva pegadas históricas da flexion verbal, por exemplo en documentos medievais leoneses, flexion que iría perdendo por influencia doutra lingua ou dialecto, como perdeu e continua a perder numerosos traços fonéticos, fonolóxicos e mesmo sintácticos e prosódicos como os relativos à posición dos clíticos que no español medieval era en parte semelhante à actual do galego. Seja como for, existen numerosos exemplos de línguas que derivan de un mesmo dialecto das quais umas conservan certas características da lingua mae enquanto que outras non as conservan e o infinitivo flexionado non sería una excepción a este respecto.

Uma das consecuencias da conjugación do infinitivo é o aumento da ocorrencia na lingua que possui esta característica de frases de infinitivo a respecto de outras línguas, como poderían demostrar as estadísticas se se comparan a frecuencia das mesmas en dúas línguas como o portugués e o español.

En conclusión, a ausencia do suxeito pronominal e o infinitivo conjugado do proto-galego podería ser o reflexo destas mesmas características no PIE ou no PRÉ-PIE.

Como já anotamos noutros traballos, poderían apoiar a hipótes formulada aquí

sobre a ausencia do suxeito pronominal e a súa relación con outros procesos, o feito de o suxeito pronominal explícito no galego e no castelán tender a ser interpretado como FOCO ou como TOP, como amosan os exemplos seguintes:

- (14) a. *NÓS che enviámos o libro...*
 Nous te envoyâmes le bouquin
 'C'est nous qui t'avons envoyé le bouquin'.
 b. *Nós, enviámos-che o libro...*
 Nous envoyâmes-te le livre...
 'En ce qui nous concerne, nous t'avons envoyé le bouquin...'

En (a) o suxeito pronominal *nós* é interpretado como FOCO (daí a inverson do pronome, como veremos máis abaixo), enquanto que en (b) este mesmo suxeito é normalmente interpretado como TÓPICO.

De feito todos estes aspectos (ausencia de suxeito pronominal, flexion de infinitivo para número e persoa, etc.) poden ser formulados como TENDÊNCIAS. Tendencia certamente à flexion para número e persoa que tamén é extensiva ao gerúndio, como anotaron varios autores (cf. Longa 1994), e como mostran exemplos máis ou menos esporádicos, registados nalguns dialectos da Galiza, como o seguinte:

- (15) *Téndomos saúde sairemos para adiante*
 ayannt nous-santé nous-sortirons en avant
 'Tant que nous serons en bonne santé, nous nous en sortirons'.

Podemos pois concluir que no proto-galego, o suxeito pronominal tendería à ausencia, e no caso de aparecer explícito tendería a focalizar-se ou topicalizar-se, que o infinitivo, alén de tender para a flexion de persoa e número, puido presentar tamén flexion temporal de presente e pasado confirmando así que [tens] non era pertinente nesta lingua.

4.3 Focalización


4.3.1 Focalización na frase

